

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 29 DE ABRIL DE 2022

### ASISTENTES

#### **Presidente**

Prada Rodríguez, Julio.

#### **Vicedecano e Coordinador de calidade**

Presedo Garazo, Antonio.

#### **Vicedecana e Representante da Administradora**

Arribas Álvarez, Carmen.

#### **Secretario**

Rodríguez Teijeiro, Domingo.

#### **Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín.

#### **Colaboradora de Calidade**

López Díaz, María.

#### **PDI**

Barriocanal López, Yolanda.

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa.

#### **DESCULPAN AUSENCIA**

#### **Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz

#### **Enlace de igualdade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Reboreda Morillo, Susana

#### **Alumnado**

Domínguez Carrera, Lucía

#### **Membros da sociedade**

Garrido Labrador, Begoña

A comisión realizarase de xeito telemático a través de Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o venres 29 de abril de 2022, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 16 de marzo de 2022.

2.- Informe do presidente.

3.- Debate e aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola dirección, 2020- 2021.

4.- Aprobación, se procede, do Regulamento da Comisión de Calidade.

5.-Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Calidade derivados dos cambios na normativa vixente que a regula.

6.- Asuntos de urxencia.

7.- Rolda de intervencións.

O decano dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1.-Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 16 de marzo de 2022.**

Apróbase por asentimento.

## **2.- Informe do presidente.**

O Decano da conta de algunhas cuestións que, aínda que non afectan estritamente á Comisión de Calidade, considera oportuno comentalas.

Informa da posta en marcha das Xornadas de Innovación Docente, un formato novidoso, en streaming, mediante vídeos gravados nos que se presente a experiencia didáctica na aula, e que se difundirán a través da páxina web que xa está en marcha. Considera que nesta primeira ocasión a maioría das aportacións é previsible que proceda da facultade.

Comenta que o vindeiro 12 de maio terá lugar unha nova edición da Xornada "Tendendo Pontes", dirixida ao alumnado de secundaria que desenvolven traballos de aproximación á investigación histórica e presentan na facultade estes traballos acompañados polos profesores, tamén como parte do programa de visibilización do Grao.

En relación coa Convocatoria de Proxectos de Innovación Docente en Centros da Universidade de Vigo, comenta que se conseguiu, a pesar das dificultades da convocatoria e o escaso prazo, presentar en tempo e forma o plan piloto coordinado por Beatriz Comendador, que conta coa participación doutras dez profesoras e profesores e no que participan un total de 10 materias e 4 Áreas (Xeografía Física, Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga).

Comenta o Decano a súa entrevista co Vicepresidente da Deputación na que lle propuxo un convenio centrado na difusión do patrimonio cultural e natural da provincia coa intención de dar visibilidade ao que se ven facendo neste eido dende a Facultade (saídas de estudos, xornadas e eventos, xornadas de difusión e traballos dos grupos de investigación). A Xunta de Goberno da Deputación aprobou (ten que ir a pleno) unha subvención de 9000 euros, o que presenta algunhas dificultades para tramitala administrativamente, pero que permitiría cubrir con folgora actividades como as saídas e posiblemente tamén as Xornadas que se realizan no Centro. Neste último caso, de concretarse o financiamento, considera interesante que nesta edición tivesen como eixe a nosa provincia, tendo cabida todas as perspectivas coas que se traballa na Facultade: Historia, Arte, Xeografía e Patrimonio Cultural. Considera o Decano que neste intre é importante facer visible a imbricación da nosa Facultade coa sociedade ourensá.

## **3.- Debate e validación, se procede, do Informe de Revisión pola dirección, 2020- 2021.**

Toma a palabra o Vicedecano e Coordinador de Calidade, Antonio Presedo, quen comenta que, en relación co Informe de Revisión pola dirección, ten que incidir en catro cuestións:

- En relación cos prazos de elaboración, sinala que foi necesario alongalos

porque un informe como este requiría facelo con algo de calma, e aínda que se podería prolongar o traballo ata mediados maio, considera que non era preciso chegar a esa data.

- Comenta que este é o primeiro curso no que se incorpora como anexo o autoinforme de seguimento que se fixo do mestrado interuniversitario, o que lle dará maior consistencia ao Informe de Revisión pola Dirección.
- Agradece a colaboración e revisión realizada pola colaboradora de calidade e polo presidente da comisión. Considera que as perspectivas diferentes enriquecen o resultado final do traballo. Agradece tamén a Josefa Rodríguez e Carmen Arribas a súa colaboración na tarefa de corrección e na presentación estatística dos indicadores, ademais da revisión de distintos aspectos que teñen que ver coa web da facultade.
- Comenta que, unha vez rematado o documento, enviouse ao coordinador do Mestrado en Patrimonio para que o revisara, porque algúns aspectos e procesos atinxen a este mestrado e que a coordinación do mesmo ten que tomar parte na súa valoración. Tamén se enviou a todos os membros da comisión, por se querían facer algún comentario ou aportación, e insiste na idea de que perspectivas diferentes enriquecen o resultado final. Sinala finalmente algúns aspectos do informe que chaman a atención.
  - Cabe facer un balance positivo, sobre todo, tendo en conta que foi o curso da “nova normalidade”.
  - É o cuarto curso consecutivo de boa dinámica na matrícula.
  - Sobre as enquisas satisfacción: apréciase unha disociación da percepción do centro e a titulación entre os alumnos do curso do grao e do PCEO. Resulta chamativa a disparidade, dándose unha baixa nos indicadores dos alumnos do grao mentres que, nos do PECEO apréciase unha subida. Apunta, como liña de traballo, indagar o por qué desta situación.
  - É necesario reflexionar sobre a taxa de graduación para o grao e mestrado, que resulta ser bastante baixa: un cuarto de cada promoción.
  - Propóñense intervencións concretas para mellorar eses aspectos comentados.

A prof. Beatriz Comendador expresa o seu agradecemento ao coordinador de Calidade porque se trata dun informe exhaustivo. Indica tamén que lle resultan chamativos algúns dos indicadores comentados, pero que o informe cumpre plenamente co obxectivo. Apunta algunha corrección necesaria en aspectos relacionados coa redacción ou presentación, que lle enviará ao Coordinador.

O prof. Antonio Presedo agradece os comentarios e pídelle que envíe canto antes as correccións para facer as modificacións precisas.

O prof. Fermin Pérez Losada tamén da as grazas ao coordinador polo traballo realizado. No tocante ao Mestrado considera que está perfecto. Tamén chama a atención sobre a existencia de algún erro tipográfico.

O Decano agradece todas as correccións e insiste na necesidade de detectar todas as fallas, o que redundará nun mellor traballo final. Chama a atención, en relación coas enquisas de satisfacción, sobre a forma en que o alumnado entende determinadas preguntas que, en moitas ocasións non se corresponde co que efectivamente se

pregunta. Considera que non se trata de algo anecdótico, xa que pode influír nos plans estratéxicos da Facultade. En relación con isto, comenta que dende a secretaría do decanato púxose en marcha unha nova enquisa, coa intención de conseguir información máis fiable nalgúns aspectos.

Valídase o Informe de Revisión pola Dirección por asentimento.

#### **4.- Aprobación, se procede, do Regulamento da Comisión de Calidade.**

Comenta o Decano que ata o de agora non había un regulamento específico da Comisión de Calidade. De feito non o ten ningún centro da Universidade de Vigo. Ata o presente a Comisión traballaba en base ao Regulamento de Réxime Interno da Facultade e o Manual de Calidade, o que daba lugar a algunhas contradicións. Aproveitouse a aprobación dunha nova regulamentación xeral na Universidade para redactar un Regulamento específico da Comisión de Calidade no que, ademais de recoller o establecido na nova normativa, se eliminan aquelas disfuncións ou contradicións que existían previamente. Este Regulamento foi revisado pola Área de Calidade, que deu o visto bo.

Aprobase o Regulamento da Comisión de Calidade por asentimento.

#### **5.-Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Calidade derivados dos cambios na normativa vixente que a regula.**

Informa o Decano que para facer mais operativa a comisión, adaptarse a normativa xeral e ao regulamento que se acaba de aprobar, compre facer pequenos cambios na composición da Comisión de Calidade:

- O Regulamento fala de cando menos 1 representante de PDI, tiñamos tres: Yolanda Barriocanal, Xosé Ramón Campos e Beatriz Vaquero; como esta última xa forma parte da mesma en calidade de coordinadora do Grao, desaparecería como representante de PDI.
- Como representante da sociedade propónse a continuidade de Rosa María Díaz Naya, mentres que Francisco Borja Campos Seijo pasaría a ser representante do alumnado egresado, cesando Marta López e Begoña Garrido, que polas súas obrigas profesionais non adoitaban poder asistir. O Decano pide que conste en acta o agradecemento polo labor que ambas as dúas realizaron ata o de agora.

A prof. Beatriz Comendador pregunta se ela non formaba parte dos representantes do PDI dado que non figura na listaxe enviada. O Decano responde que, en efecto, se trata dun erro ao facer o listado, intervindo a prof. María López para indicar que non queda moi clara a composición da comisión, polo que o decano da lectura novamente a como quedaría a composición da comisión de calidade.

#### **6.- Asuntos de urxencia.**

Non hai ningún.



## 7.- Rolda de intervencións.

Non hai.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 horas do día 29 de abril de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro